

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

ACTIVIDADES

UNIDADE 10

NOME	Inés	APELIDOS	Fernandez Martinez	CURSO	
------	------	----------	-----------------------	-------	--

PARTE 2 DA UNIDADE 10. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

Actividades de reforzo

1. Consulta os apuntamentos e realiza no teu caderno as seguintes actividades:

▪ Explica dúas causas políticas e militares da Primeira Guerra Mundial:

Formación de dous bloques antagónicos: Triple Alianza (Alemania, Austria-Hungría e Italia)
Triple Entente (Francia, Rusia e Gran Bretaña)
Conflicto entre as potencias coloniais en África e Asia ✓

▪ Indica catro países que compoñían o bando dos aliados e catro países que compoñían o bando dos Imperios centrais que se enfrontaron na Primeira Guerra Mundial:

Aliados → Francia, Reino Unido, Rusia, Serbia e México.

Bando dos Imperios centrais → Alemaña, Austria-Hungría, Imperio turco-otomano e Bulgaria ✓

▪ Explica dous detalles característicos de fase da guerra de posicións da Primeira Guerra Mundial:

- Escavacións de trincheras e mantemento das posicións por parte dos exércitos ante a imposibilidade de romper as liñas inimigas... e **amenazas**.
- Desenvolvemento de novas armas para combater neste tipo de guerra (granadas, dinamite, morteiro, metralhadoras, lanzachamas, gases asfixiantes, aviación, tanques...)
- Entrada de Italia na guerra contra Alemaña e Austria, despois dun cambio de alianzas, a cambio de promesas territorialistas. ✓

▪ Explica dúas características xerais da Primeira Guerra Mundial:

- Enfrontamento por primeira vez na historia das principais potencias do mundo, tanto europeas como non europeas, durante un tempo tan prolongado e nun espazo xeográfico tan amplo.
- Éxodo de millóns de persoas e gran cantidade de persoas refuxiadas. ✓

- Explica dúas consecuencias demográficas da Primeira Guerra Mundial:
- Aproximadamente 9 millóns de persoas mortas
- Aproximadamente 20 millóns de feridos e moitos mutilados

→ Forte descenso da natalidade

- Explica dúas consecuencias sociais da Primeira Guerra Mundial:

→ Implantación paulatina do sufraxio universal masculino e, despois do sufraxio universal xeneral.

→ Progresiva emancipación da muller, debido principalmente á valía que demostrou ao substituír aos homes nos postos de traballo durante a guerra, permitindo así a desempeñar traballos que antes eran exclusivos para os homes.

- Explica dúas debilidades que demostrou ter a Sociedade de Nacións:

→ O abandono da Sociedade de Nacións por parte de Italia e Xapón.

→ A incapacidade de manter a paz cando a situación internacional se enturbou tras a depresión de 1929

2. Atendendo aos contidos do tema que aparecen nos aputamentos e aos teus coñecementos previos, realiza unha breve REDACCIÓN, DE ENTRE 10 E 20 LIÑAS DE EXTENSIÓN, E ESTRUCTURADO EN CATRO PARÁGRAFOS, no que realices unha reflexión sobre cada unha das cuestións que se citan a continuación.

Redacción 1. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL (extensión de entre 10 e 20 liñas)

Cada un dos 4 parágrafos debe comezar da seguinte maneira:

- o PRIMEIRO PARÁGRAFO: "A Primeira Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1914 e 1918 e que tivo entre as súas causas políticas e militares ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CAUSAS POLÍTICAS E MILITARES DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Primeiro parágrafo

A Primeira Guerra Mundial foi un conflito armado que tivo lugar entre 1914 e 1918 e que tivo entre as súas causas políticas e militares (foron) foi a política internacional expansionista do emperador alemán Guillerme segundo.

Aparición de tensións entre os países que formaban parte de cada un dos bloques → Triple Alianza (Alemania, Austria-Hungría, e Italia)

Triple Entente (Francia, Rusia e Gran Bretaña)

- SEGUNDO PARÁGRAFO: "Na Primeira Guerra Mundial formáronse dous bandos que se enfrontaron que se denominaban... e que estaban formados cada un deles por ..." (CITAR E EXPLICAR OS BANDOS ENFRONTADOS NA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Segundo parágrafo

- Tripo acordo ou aliados → Componentes iniciais → Francia, Reino Unido, Rusia, Serbia e Bélxica
 - Despois incorporouse → Xapón, Italia, Romanía, Estados Unidos, e Grecia
 - Abandonaron → Rusia, tras o tratado de paz de Brest-Litovsk
 Imperios Centrais: componentes iniciais → Alemaña e Austria-Hungría
 Despois incorporáronse o Imperio Turco e Bulgaria

- TERCEIRO PARÁGRAFO: "A Primeira Guerra Mundial tivo importantes consecuencias económicas, entre as que destacaría ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Terceiro parágrafo

Endebadamento dos países belixerantes para afrontar os gastos da guerra
 Conversión de Estados Unidos no gran prestamista dos demais
 Perda do dominio económico mundial por parte de Europa

- CUARTO PARÁGRAFO: "Finalmente, a Primeira Guerra Mundial tamén tivo importantes consecuencias políticas, como por exemplo ..." (CITAR E EXPLICAR ALGUNHAS, DÚAS POLO MENOS, DAS CONSECUCENCIAS POLÍTICAS DA PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL)

Cuarto parágrafo

Desmembramento dos grandes imperios, como o Imperio Austro-Húngaro e Imperio Ruso e Turco
 Aparición de novos Estados como Polonia, Finlandia, Estonia, Letonia, Lituania e Hungría, funcionando a maior parte deles como cordón sanitario que cercaba á URSS para impedir a (seg) expansión do comunismo e debilitar ao novo Estado Soviético
 Xapón e Estados Unidos pasan a ser grandes potencias mundiais.

→ mais ben

